versión en galego

# RESOLUCIÓN DO 25 DE SETEMBRO DE 2025, DA DIRECCIÓN DO INSTITUTO GALEGO DE FÍSICA DE ALTAS ENERXÍAS (IGFAE), NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), POLA QUE SE CONVOCA UN PROCESO DE SELECCIÓN CON CÓDIGO DE REFERENCIA IGFAE 2025/13, RELATIVO ÁS ACTUACIÓNS PARA A FORMACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL ASOCIADAS A LIÑAS PRIORITARIAS DE INVESTIGACIÓN DA CONVOCATORIA DO ANO 2023 PARA A CONCESIÓN DAS ACREDITACIÓNS E AXUDAS PÚBLICAS DE «CENTROS DE EXCELENCIA SEVERO OCHOA» E DE «UNIDADES DE EXCELENCIA MARÍA DE MAEZTU», DENTRO DO PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA E A SÚA TRANSFERENCIA, NO MARCO DO PLAN ESTATAL DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA E DE INNOVACIÓN 2021-2023.

O Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) convoca un proceso de selección referente ás actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas a liñas prioritarias de investigación da convocatoria do ano 2023 para a concesión das acreditacións e axudas públicas de «Centros de Excelencia Severo Ochoa» e de «Unidades de Excelencia María de Maeztu», dentro do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2021-2023, para a contratación do persoal investigador predoutoral que figura no anexo I desta Resolución, de acordo coas seguintes bases.

## BASES DA CONVOCATORIA

### 1. NORMAS XERAIS

Este concurso réxese polo disposto no artigo 10, "Características das actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas a liñas prioritarias de investigación", da Resolución



Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia

Cofinanciado por la Unión Europea

Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: C03D-D82A-461D-89E3

da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria do ano 2023 para a concesión das acreditacións e axudas públicas de «Centros de Excelencia Severo Ochoa» e de «Unidades de Excelencia María de Maeztu» asociadas a ditas acreditacións, dentro do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2021-2023; polo Regulamento de Selección de Persoal Investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I, aprobado polo Consello de Goberno o 27 de setembro de 2019, modificado o 29 de xuño de 2022; polo Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno o 24 de xullo de 2020, modificado o 6 de xuño de 2022; polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; pola Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (en diante, LOSU); na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; e, supletoriamente, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP) e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP).

## 2. OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal investigador predoutoral en formación asociado ou vinculado de forma unívoca a algunha das liñas prioritarias de investigación que figuran no anexo I desta convocatoria.

Os contratos terán por obxecto a realización de tarefas de investigación no ámbito dun proxecto específico e novo, por quen estea en posesión dun título de licenciatura, enxeñaría, arquitectura, graduado universitario con grao de polo menos 300 créditos ECTS ou mestrado universitario ou titulación equivalente. Este persoal terá a consideración de persoal investigador predoutoral en formación. Así mesmo, o contrato terá por obxecto a orientación posdoutoral por un período máximo de doce meses. Non poderán ser contratadas, en ningún caso, as persoas que xa estean en posesión do título de doutoramento por calquera universidade española ou estranxeira.



MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES · AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN · Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia · Cofinanciado por la Unión Europea · Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

## 3. REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES

1. Sen prexuízo dos requisitos de carácter xeral establecidos no Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I da Universidade de Santiago de Compostela, a presente convocatoria está destinada á contratación de titulados/as universitarios/as que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se atopen nalgún dos seguintes supostos:
   a) Estar en posesión dos títulos oficiais españois de grao, ou equivalente, e de máster universitario, ou equivalente, sempre que sumen en conxunto un mínimo de 300 créditos ECTS.
   b) Estar en posesión de títulos universitarios oficiais españois ou títulos españois equivalentes sempre que se superasen, como mínimo, 300 créditos ECTS no conxunto destas ensinanzas e se acredite un nivel 3 do MECES.
   c) Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), sen necesidade da súa homologación, que acredite un nivel 7 do Marco europeo de cualificacións, sempre que o devandito título capacite para o acceso aos estudos de doutoramento no país de expedición. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo nin o seu recoñecemento para outros efectos que non sexa o acceso aos estudos de doutoramento.
   d) Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros alleos ao EEES, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que o título acredita un nivel de formación equivalente ao do título oficial español de mestrado universitario e que capacita o acceso aos estudos de doutoramento no país de expedición do título. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo nin o seu recoñecemento para outros efectos que non sexa o acceso aos estudos de doutoramento.
   e) Estar en posesión dunha titulación universitaria que, previa obtención dunha praza na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, teñan superado con avaliación positiva, como mínimo, dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en Ciencias da Saúde.



MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES | AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN | Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia | Cofinanciado por la Unión Europea | Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

2. Non poderán ser solicitantes quen se atopen en calquera das seguintes circunstancias:
   a) Que a data de finalización dos estudos de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica, enxeñería técnica, diplomatura ou os seus equivalentes en sistemas universitarios estranxeiros non adaptados ao EEES sexa igual ou anterior ao 31 de decembro de 2017.
   b) Ter iniciado a súa formación predoutoral con apoio de calquera outra convocatoria competitiva financiada con fondos públicos para a formalización de contratos laborais encamiñados á realización dos estudos de doutoramento. As convocatorias financiadas con fondos privados estarán incluídas neste suposto sempre que teñan carácter competitivo e a súa finalidade sexa a financiación de estudos de doutoramento.
   c) Estar en posesión dun título de doutoramento por calquera universidade española ou estranxeira.

## 4. DURACIÓN

A duración máxima do contrato predoutoral non poderá ser superior aos catro anos, e o período de execución iniciarase na data de incorporación do persoal investigador contratado ao seu posto de traballo no Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), sen prexuízo do disposto en materia de interrupcións e prórrogas do prazo de execución de actuación contemplada no artigo 24.5 da Resolución da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria do ano 2023 para a concesión das acreditacións e axudas públicas de «Centros de Excelencia Severo Ochoa» e de «Unidades de Excelencia María de Maeztu» asociadas ás devanditas acreditacións, dentro do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2021-2023.

No caso de que as persoas fosen contratadas baixo a modalidade de contrato predoutoral previamente, a duración do período total de contratos baixo esa modalidade non poderá exceder do máximo establecido no artigo 21.c) da Lei 14/2011, do 1 de xuño.



MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES · AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN · Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia · Cofinanciado por la Unión Europea · Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

## 5. ORZAMENTO

As contías para as contratacións desta modalidade financiaranse con cargo á axuda CEX2023-001318-M financiada polo MCIU/AEI /10.13039/501100011033 (Convocatoria do ano 2023 para a concesión das acreditacións e axudas públicas de «Centros de Excelencia Severo Ochoa» e de «Unidades de Excelencia María de Maeztu» asociadas ás devanditas acreditacións, dentro do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2021-2023).

## 6. CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS CONTRATOS

As persoas seleccionadas deberán ser contratadas baixo a modalidade de contrato predoutoral, regulada no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, e o Real Decreto 103/2019, do 1 de marzo. A incorporación deberá producirse antes do 1 de xaneiro de 2027, segundo o punto 7 da Resolución da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación pola que se conceden axudas públicas e as acreditacións correspondentes á convocatoria 2023 para Centros de excelencia «Severo Ochoa» e Unidades de excelencia «María de Maeztu», dentro do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2021-2023).

A incorporación do persoal investigador predoutoral ao seu posto de traballo será necesariamente o día 1 do mes que corresponda, de conformidade co establecido no artigo 10.1 da Resolución da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola cal se aproba a convocatoria do ano 2023 para a concesión das acreditacións e axudas públicas de «Centros de Excelencia Severo Ochoa» e de «Unidades de Excelencia María de Maeztu» asociadas a devanditas acreditacións, dentro do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2021-2023).



MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES · AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN · Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia · Cofinanciado por la Unión Europea · Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

Na data de inicio do contrato será requisito indispensable que a persoa beneficiaria estea matriculada nun programa de doutoramento da USC, con dedicación a tempo completo. Este requisito deberá manterse durante toda a duración do contrato predoutoral.

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro dun país que non pertenza ao EEES deberán entregar, no momento da firma do contrato, a solicitude para obter a declaración de equivalencia á titulación e nivel académico esixido nesta convocatoria, ou a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia da titulación e nivel académico universitario oficial e para a convalidación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia cos niveis do marco español de cualificacións para a Educación Superior dos Títulos Oficiais de Arquitectura, Enxeñaría, Licenciatura, Arquitectura Técnica, Enxeñaría Técnica e Diplomatura.

De conformidade cos artigos 20 e 21 da citada Lei 14/2011, do 1 de xuño, cando o persoal investigador en formación obteña o título de doutor/a durante o período de desfrute do contrato, financiarase un período de orientación posdoutoral, cunha duración máxima de doce meses, destinado ao perfeccionamento e especialización profesional, sen prexuízo do disposto en materia de interrupcións e prórrogas do prazo de execución da actuación recollidas no artigo 24.5 da Resolución da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria do ano 2023 para a concesión das acreditacións e axudas públicas de «Centros de Excelencia Severo Ochoa» e de «Unidades de Excelencia María de Maeztu» asociadas a ditas acreditacións, dentro do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2021-2023. En calquera caso, a duración total do contrato, incluído o período de orientación postdoutoral, non será superior a catro anos.

A retribución do contrato non poderá ser inferior ao 56 % do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación durante a primeira anualidade, ao 60 % durante a segunda anualidade e ao 75 % durante a terceira e cuarta anualidade. Tampouco poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional que se estableza cada ano, segundo o artigo



Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia
Cofinanciado por la Unión Europea
Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

27 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Para o establecemento das retribucións anteriores tomarase como referencia mínima a categoría correspondente ao Grupo 1 de persoal laboral da táboa salarial contemplada no Convenio único de Persoal Laboral da Administración Xeral do Estado.

## 7. INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

O persoal investigador contratado ao abeiro desta convocatoria poderá colaborar en tarefas docentes ata un máximo de 60 horas anuais, a petición propia e con informe favorable do director ou directora de tese e autorización do departamento universitario correspondente. Estas colaboracións non poderán supoñer unha redución da carga docente do departamento.

## 8. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro da Universidade de Santiago de Compostela.

As solicitudes de participación serán presentadas polas persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3, de conformidade co procedemento que se describe neste artigo.

As solicitudes presentaranse a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela en https://i.gal/igfae_solicitude.

Na solicitude deberá escoller a liña prioritaria de investigación relacionada no anexo I desta convocatoria pola que se presenta a súa solicitude.



MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES · AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN · Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia · Cofinanciado por la Unión Europea · Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

Aquelas solicitudes que non realicen a presentación conforme ao disposto no presente apartado teranse por desistidas, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As persoas aspirantes excluídas, disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da lista de persoas admitidas e excluídas, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

A emenda farase unicamente a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela dispoñible en https://i.gal/igfae_emenda.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídas na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe, cuxa publicación farase efectiva no prazo de tres (3) días hábiles a contar dende o remate de prazo de solicitudes para presentar emendas, poderase consultar no taboleiro electrónico da USC en https://i.gal/taboleiro. E tamén se poderá consultar na sección Emprego do sitio web do IGFAE en https://igfae.usc.es/igfae/gl/emprego/.

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes, ante o reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o Xulgado Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

## 9. CONTIDO E DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE

Cada solicitude virá referida a unha liña prioritaria de investigación. A relación de liñas prioritarias de investigación recóllese no anexo I.

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación indicada, que deberá ser presentada a través da sede electrónica da USC:



Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades · Agencia Estatal de Investigación · Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia · Cofinanciado por la Unión Europea · Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

a) Copia dun documento de identidade en vigor (DNI, pasaporte ou documento de identidade de países da Unión Europea).
b) Currículum vítae abreviado (CVA) da persoa candidata no modelo normalizado dispoñible na web https://cvn.fecyt.es. A efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida no CVA na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible actualizar posteriormente a información contida nel. A comisión poderá solicitar evidencias de calquera mérito alegado. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información achegada deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.
c) Unha declaración detallada dos contratos laborais asinados pola persoa solicitante segundo o formato proposto no anexo II.

A presentación da solicitude implica unha declaración responsable na que a persoa interesada manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos, que os méritos son veraces e que pode acreditalos na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Implica tamén o consentimento para a comunicación a terceiros dos datos recollidos na mesma, co obxecto do tratamento posterior dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos, no marco da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais

## 10. REVISIÓN DAS SOLICITUDES

O órgano instrutor, a dirección do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE), efectuará a revisión das solicitudes presentadas verificando tanto o contido e a documentación achegada como o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, cuxa comprobación non requira de valoración científica ou técnica.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, incluíndo a acreditación documental de calquera dos méritos achegados na solicitude. Se do exame das solicitudes e da documentación presentada se desprendese que se omitiu



MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES · AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN · Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia · Cofinanciado por la Unión Europea · Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

información esencial para o proceso de avaliación ou que conteñen información ou datos inexactos, contraditorios, incongruentes ou falsos, o órgano de instrución poderá excluír dita solicitude do procedemento, mediante resolución na que se fará constar tal circunstancia, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais que puidesen corresponder.

Poderanse solicitar cantos informes se estimen necesarios para resolver o procedemento.

## 11. PROCESO DE AVALIACIÓN, SELECCIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

Devandito proceso de avaliación e selección da persoa que se contrate deberá garantir os principios de concorrencia, publicidade e transparencia, correspondendo á entidade beneficiaria, podendo realizar estas actividades previamente a que se publique a resolución de concesión.

O proceso de avaliación deberá aterse aos seguintes criterios:

1. Criterio 1. Traxectoria académica e/ou científico-técnica do/a candidato/a (ata 50 puntos).
   a) Subcriterio 1.a): Achegas científico-técnicas (ata 45 puntos). Valorarase o expediente académico e outros méritos curriculares do/a candidato/a, así como a adecuación destes ás tarefas a realizar en función da formación e experiencia profesional
   b) Subcriterio 1.b): Mobilidade e internacionalización (ata 5 puntos). Valorarase a relevancia e o impacto na súa traxectoria investigadora das estancias do/a candidato/a en centros nacionais e internacionais e/ou no sector industrial, atendendo ao prestixio da entidade receptora da estancia e á actividade desenvolvida na mesma.
2. Criterio 2. Adecuación do/a candidato/a ás actividades de investigación a desenvolver (ata 50 puntos). Valorarase a adecuación do/a candidato/a ao programa, proxecto ou actividades de investigación a desenvolver en función da súa formación e experiencia previas. Para iso, terase en conta o valor engadido que a realización do proxecto representará para a súa carreira investigadora, así como o valor achegado ao centro e ao equipo receptor.



MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES · AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN · Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia · Cofinanciado por la Unión Europea · Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

## 12. ORGANOS DO PROCESO DE SELECCIÓN

As solicitudes serán avaliadas por unha comisión designada pola dirección do IGFAE de acordo cos criterios de avaliación establecidos no artigo anterior.

Proporanse para financiamento, para cada liña prioritaria de investigación, as solicitudes que obteñan maior puntuación.

Para cada unha das liñas prioritarias de investigación nas que se presentasen solicitudes, elaborarase unha lista de espera para substituír á persoa solicitante proposta para concesión en caso de renuncia. As listas incluirán ás persoas candidatas que, tendo superado unha valoración de 65 puntos, non foran propostas para contratación. Establecerase un orde de prelación segundo a puntuación obtida, de maior a menor.

## 13. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

De conformidade co previsto no Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I, o órgano competente para a instrución, a dirección do IGFAE, á vista do informe da comisión de avaliación, formulará a proposta de resolución provisional. Esta proposta será notificada ás persoas interesadas mediante publicación no taboleiro electrónico da USC, así como na sección de emprego da web do IGFAE, dispoñible en https://igfae.usc.es/igfae/emprego/. A proposta de resolución conterá a relación das persoas solicitantes seleccionadas, así como as listas de espera, coas respectivas liñas prioritarias de investigación ás que se vinculan.

## 14. RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

Publicarase a resolución definitiva por parte da dirección do IGFAE mediante a súa publicación no taboleiro electrónico da USC e na sección de emprego da páxina web do IGFAE, dispoñible en https://igfae.usc.es/igfae/emprego/



Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades · Agencia Estatal de Investigación · Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia · Cofinanciado por la Unión Europea · Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

Contra a resolución do procedemento de concesión, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que a ditou, se a resolución fose expresa, no prazo dun mes ou, se non o fose, a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo máximo para a resolución do procedemento de concesión, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sen prexuízo do anterior, contra a resolución do procedemento de concesión cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou de seis meses se non o fose, de acordo co disposto nos artigos 9.1.c) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela
Resolución do 24/07/2024, DOG 31/07/2024
O director do IGFAE, Carlos A. Salgado



MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES · AGENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN · Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia · Cofinanciado por la Unión Europea · Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

versión en español

# RESOLUCIÓN DEL 25 DE SEPTIEMBRE DE 2025, DE LA DIRECCIÓN DEL INSTITUTO GALEGO DE FÍSICA DE ALTAS ENERXÍAS (IGFAE), EN LA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), POR LA QUE SE CONVOCA UN PROCESO DE SELECCIÓN CON CÓDIGO DE REFERENCIA IGFAE 2025/13, RELATIVO A LAS ACTUACIONES PARA LA FORMACIÓN DE PERSONAL INVESTIGADOR PREDOCTORAL ASOCIADAS A LÍNEAS PRIORITARIAS DE INVESTIGACIÓN DE LA CONVOCATORIA DEL AÑO 2023 PARA LA CONCESIÓN DE LAS ACREDITACIONES Y AYUDAS PÚBLICAS DE «CENTROS DE EXCELENCIA SEVERO OCHOA» Y DE «UNIDADES DE EXCELENCIA MARÍA DE MAEZTU», DENTRO DEL PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR LA INVESTIGACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA Y SU TRANSFERENCIA, EN EL MARCO DEL PLAN ESTATAL DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA Y TÉCNICA Y DE INNOVACIÓN 2021-2023.

El Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) convoca un proceso de selección referente a las actuaciones para la formación de personal investigador predoctoral asociadas a líneas prioritarias de investigación de la convocatoria del año 2023 para la concesión de las acreditaciones y ayudas públicas de «Centros de Excelencia Severo Ochoa» y de «Unidades de Excelencia María de Maeztu», dentro del Programa Estatal para Impulsar la Investigación Científico-Técnica y su Transferencia, en el marco del Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2021-2023 para la contratación del personal investigador predoctoral que figura en el anexo I de esta Resolución, de acuerdo con las siguientes bases.



Rede CIGUS Centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia
Cofinanciado por la Unión Europea
Fondos Europeos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/sede/ferramentas/publicAPP/comprobarCSV.htm?csvId=C03D-D82A-461D-89E3
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C03D-D82A-461D-89E3**

# BASES DE LA CONVOCATORIA

## 1. NORMAS GENERALES

